

E. B. White

A arañeira de Charlotte

ESTE LIBRO

regaláronllo a

gañouno

mercouno

atopouno

Antes do almorzo

–Onde vai papá con esa machada? –preguntoulle Fern á súa nai mentres poñían a mesa para o almorzo.

–Á corte dos porcos –respondeu a señora Arable–. Onte á noite naceron uns porquiños.

–E para que precisa a machada? –continuou Fern, que só tiña oito anos.

–Verás –dixo a súa nai–, un dos porquiños é moi pequeno e débil, e non vai saír adiante. Así que o teu pai decidiu sacrificalo.

–Sacrificalo? –chiou Fern–. Queres dicir que o vai matar? Só porque é máis pequeno cós demais?

A señora Arable puxo unha xerra de crema de leite na mesa.

–Non berres, Fern! –dixo–. O teu pai fai o correcto, porque ese porquiño seguramente acabaría morrendo.

Fern apartou unha cadeira dun empuxón e saíu correndo. A herba estaba húmida e a terra cheiraba á primavera. Cando alcanzou o pai, Fern tiña os tenis enchoupados.

–Por favor, non o mates! –saloucou–. É inxusto!

O señor Arable detívose.

–Fern –dixo, docemente–, tes que aprender a controlar-te.



–A controlarme? –berrou Fern–. É unha cuestión de vida ou morte e dime que me controle!

As bágoas corríanlle polas fazulas. Agarrou e machada e tratou de quitarlla ó pai da man.

–Fern –dixo o señor Arable–. Eu sei máis ca ti de criar unha camada de porquiños. Un animal débil sempre causa problemas. Vaite, corre!

–Pero é inxusto! –berrou Fern–. O porquiño non ten culpa de nacer pequeno, non? Se eu nacesse moi pequena, mataríasme?

O señor Arable sorriu.

–Claro que non –dixo, mirando para a súa filla con amor–. Pero isto é diferente. Unha nena é unha cousa, e un porquiño esmirrado, outra.

–Eu non vexo a diferenza –retrucou Fern, que seguía afe-rrando a machada–. É a maior inxustiza que vin na miña vida.

Na cara de John Arable apareceu unha expresión curiosa. Tamén el parecía case a piques de chorar.

–De acordo –dixo–. Volve para a casa, e cando regrese lé-voche o porquiño. Vou deixar que o críes cun biberón, coma un bebé. Así verás o traballo que pode dar.

Cando o señor Arable regresou á casa media hora máis tarde, levaba unha caixa de cartón debaixo do brazo. Fern estaba no piso de arriba, cambiando o calzado. A mesa da co-ziña estaba preparada para o almorzo, e a estancia cheiraba a café, a touciño, a escaiola húmida e ó fume da leña do fogón.

–Déixao na cadeira dela! –dixo a señora Arable.

O señor Arable pousou a caixa no sitio de Fern. Logo achegouse ó vertedoiro, lavou as mans e secounas na toalla.

Fern baixou as escaleiras devagar. Tiña os ollos vermellos de chorar. Cando se achegou á cadeira, a caixa axitouse e oíuse o ruído de algo que rascaba. Fern mirou para seu pai. Entón levantou a tapa da caixa. Alí dentro, mirándoa, estaba o porquiño acabado de nacer. Era branco. A luz da mañá traspasáballe as orellas e volvíaa de cor rosa.

–É teu –dixo o señor Arable–. Salvado dunha morte pre-matura. E que o Señor me perdoe por facer esta parvada.



Fern non podía apartar os ollos do diminuto porquiño.

–Ai! –murmurou–. Ai, mírao! É absolutamente perfecto.

Pechou a caixa de cartón con coidado. Primeiro deulle un bico ó seu pai, e logo á súa nai. Despois volveu levantar a tapa, sacou o porquiño e apertouno contra a fazula. Nese momento entrou na estancia o seu irmán Avery. Avery tiña dez anos. Ía fortemente armado, cunha escopeta de aire comprimido nunha man e unha daga de pau na outra.

–Que é iso? –preguntou–. Que é o que ten Fern?

–Trouxo un invitado ó almorzo –dixo a señora Arable–. Lava as mans e mais a cara, Avery!

–A ver! –dixo Avery, pousando a escopeta–. E dis que esa cousa tan triste é un porco? Pois vaia exemplar de porco... non é máis grande ca unha rata branca!



—Lávate e toma o almorzo, Avery! —dixo a súa nai—. O autobús escolar chega en media hora.

—Podo ter un porco eu tamén, papá? —preguntou Avery.

—Non, só reparto porcos entre os que madrugan —dixo o señor Arable—. Fern ergueuse ó abrente para tratar de librar o mundo de inxustizas. E, como resultado, agora ten un porco. Un pequeniño, abofé, pero un porco no fin de contas. Iso demostra o que pode pasar se unha persoa se levanta cedo. A almorzar!

Pero Fern non podía almorzar ata que o seu porquiño tomase o leite. A señora Arable atopou un biberón cunha mamadeira de goma. Encheu o biberón de leite morno, axustoulle a mamadeira na boca e deullo a Fern.

–Dálle o seu almorzo! –díxolle.

Pouco despois, Fern estaba sentada no chan, nun recuncho da cocíña, co seu bebé no colo, ensinándolle a mamar do biberón. O porquiño, malia ser diminuto, tiña bo apetito, e aprendeu rapidamente.

O autobús escolar fixo soar a bucina dende a estrada.

–Bulide! –ordenoulles a señora Arable. Colleulle o porquiño a Fern e meteulle unha rosquilla na man. Avery colleu a escopeta e outra rosquilla.

Os nenos saíron correndo á estrada e montaron no autobús. Fern nin se fixou nos demais nenos que estaban dentro, senón que sentou e se puxo a mirar pola ventá, pensando que o mundo era marabilloso e ela moi afortunada por ter un porquiño do que ocuparse. Cando o autobús chegou ó colexio, Fern xa lle puxera nome á súa mascota, tras escoller o máis bonito entre os que se lle ocorreran.

–Chámase Wilbur –murmurou para si.

Seguía pensando no porquiño cando a mestra dixo:

–Fern, cal é a capital de Pensilvania?

–Wilbur –retrucou Fern, aínda nas minchas.

Os compañeiros riron polo baixo. Fern púxose colorada.